



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Ref.: C81/14

PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADA ESPECIAL NA ÁREA DE XESTIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS

Asto.: Incoación e informe xustificativo da necesidade do procedemento do contrato mixto (obra e subministro) menor de "SINALÉCTICA DO CONCELLO DE BUEU (FASE I)" con cargo ao PLAN URXENTE DE MANTEMENTO DE INFRAESTRUCTURAS MUNICIPAIS (PUSIM 2014) da Deputación provincial de Pontevedra

I. PROXECTO DA ACTUACIÓN E FINANCIAMENTO

Mediante escrito de data 04.09.2015 (RE núm. 6666/15 da mesma data) presentouse o proxecto da actuación denominada "SINALÉCTICA DO CONCELLO DE BUEU (FASE I)", de agosto de 2015, subscrito por LAGARES OCA S.L., CIF núm. B36813715, polo importe de 29722,02 euros (sen IVE), sendo o IVE aplicable do 21% (6241,62 euros), que supón un total de 35963,64 euros (IVE incluído) cuxo obxecto é o subministro e colocación dos sinais informativas de identificación.

O desglose do orzamento do contrato se contén no documento, de agosto de 2015, remitido ao servizo de contratación vía correo electrónico, o 28.09.2015, asinado polo equipo redactor do documento referenciado no paragrafo anterior (José A. González Ferreira) (RE núm. 8184/15 de 28.09.2015).

O proxecto reflicte a proposta dos sinais informativos de identificación das rúas e avenidas polos seus nomes, lugares e/ou parroquias constituendo a primeira fase dunha actuación que abrangue o subministro e instalación de sinais informativas de destino e roteiro urbán tal e como se recolle nos antecedentes e memoria do proxecto da actuación denominada "SINALÉCTICA DO CONCELLO DE BUEU (FASE I)", de agosto de 2015, subscrito por LAGARES OCA S.L.

O proxecto conta co financiamento ao 100% da Deputación provincial de Pontevedra con cargo ao PLAN URXENTE DE MANTEMENTO DE INFRAESTRUCTURAS MUNICIPAIS (PUSIM 2014), regulado no BOP núm. 44 de 05.03.2014, por mor da resolución presidencial de 14.10.2014 (RE núm. 7481/15 de 20.10.2014)

A participación da deputación provincial de Pontevedra xustifícase no propósito de " (...) *cooperar cos concellos no financiamento dos investimentos necesarios para a efectiva prestación dos servizos propios e obrigatorios contemplados nos artigos 25 e 26 da lei 7/85, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, cumprindo así o disposto no artigo 36.1 desta lei, no que se establece como unha das competencias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, así como a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica cos concellos, especialmente cos de menor capacidade económica e de xestión. No tocante ó disposto no artigo 36.2.a da lei 7/85, de 2 de abril, apróbase o plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (...)*"

II. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE, IDONEIDADE E EFICIENCIA DA CONTRATACIÓN

A necesidade e idoneidade do contrato e a eficiencia da contratación esixibles ao abeiro do artigo 22 do texto refundido da lei de contratos do sector público, aprobado polo real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, (TRLCS) resulta do carácter público da actuación proxectada en virtude de competencias recoñecidas ás Entidades locais en materia de "información y promoción de la actividad turística de interés y ámbito local" prevista no art. 25.2.h) da Lei 5/87 de Réxime Local (LBRL).

No senso sinalado no paragrafo anterior, coa celebración do contrato de subministro e



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

instalación referenciado pretendese dotar ao municipio de placas de sinalización en zonas onde se verifica a súa carencia ou irregularidades, promovendo, entre outros, unha uniformación en el tipo de postes no espazo xeográfico do termo municipal.

Considerando o informado polo arquitecto municipal no seu informe de 19.02.2015 no que respecta ás autorizacións sectoriais esixibles e tendo en conta a autorización da Deputación provincial de Pontevedra de 16.04.2015 (RE núm. 3383/15 de 06.05.2015), solicitada mediante oficio de alcaldía de 06.03.2015 (RS núm. 854/15 de 09.03.15)

Tendo en conta a acta de replanteo previo asinada polo Arquitecto municipal en data 29.01.2015.

Logo das modificacións introducidas, ao longo de 2014 e 2015, na documentación técnica aportada polo equipo redactor do proxecto de subministro e instalación obxecto da contratación e a vista do informado polo arquitecto municipal, no seu informe de 29.09.2015, no que sinala respecto do proxecto refundido de sinalética, o seguinte:

- a.) Que se axusta á normativa municipal vixente.
- b.) Que se axusta aos documentos presentados con anterioridade coa incorporación das modificacións esixibles en diferentes informes técnicos do arquitecto municipal que figuran incorporados ao expediente administrativo.
- c.) Que o emprazamento das sinais informativas se proxectan fora da zona de servidumbre de protección de costas, sen que ningunha se atope na marxe protexida dos itinerarios paisaxísticos, nin se empraza en zona de afección de elemento catalogado por Patrimonio cultural

Considerando a retención de crédito (RC) efectuada pola intervención do concello, en data 06.04.2015, na aplicación orzamentaria 151.60900.01 dos orzamentos correspondentes ao exercizo 2015.

Considerando que do obxecto da actuación proxectada resultan prestacións correspondentes a un contrato de subministro e a un contrato de obra, consistentes, respectivamente, na adquisición de 105 sinais informativas, e os seus correspondentes postes, e a instalación das mesmas

En aplicación do disposto no artigo 12 do TRLCSP que recoñece como contratos mixtos aqueles que conteñen prestacións correspondentes a outro u outros de distinta clase debendo atender, nestes supostos, para a determinación das normas que deban observarse na súa adxudicación, ao carácter da prestación que teña máis importancia dende o punto de vista económico

Considerando, en base ao anterior, a seguinte proporcionalidade de cada unha das prestacións, sinalada polo arquitecto municipal no seu informe de 06.10.2015:

PRESTACIÓN	PORCENTAXE	VALOR ESTIMADO
SUBMINISTRO (sinais/postes)	59,070%	17557,05
OBRA (excavación/formigonado)	40,929%	12164,97 (GG+BI incluído)
Total		35963,64 euros (IVE incluído)

En aplicación do disposto no artigo 111 e 130.3 do TRLCSP, pola presente propoño a incoación do proceso de adxudicación do seguinte contrato MIXTO (subministro e obra) e a



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

aprobación do correspondente cadro de características do mesmo :

III. CADRO CARACTERÍSTICAS “SINALÉCTICA DO CONCELLO DE BUEU (FASE I)” (PUSIM 2014)

A través deste cadro quedarían regulados os principais elementos do contrato sendo de aplicación, en calquera caso e para o non regulado a través do mesmo, o réxime xurídico que resulta de aplicación do TRLCSP e as súas normas de desenvolvemento:

- Obxecto
- Prezo e Forma De Pago
- Duración
- Procedemento e Tramitación
- Proposicións
- Responsable do Contrato
- Obrigas Específicas da Execución do Contrato

As referencias á lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP) que se contén nos PPT do proxecto da actuación denominada “SINALÉCTICA DO CONCELLO DE BUEU (FASE I)”, de agosto de 2015, subscrito por LAGARES OCA S.L (RE núm. 6666/15 da mesma data), deben entenderse referidas ao Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) (na versión vixente na data de publicación dos correspondentes anuncios de licitación), TODA VEZ QUE A CITADA LCSP ATOPASE DEROGADA.

III. 1. OBXECTO DO CONTRATO:

Ref. S/C/81-14	Órgano xestor: Alcaldía	Cód. DIR 3:L01360046
	Unidade tramitadora: Secretaria	Cód. DIR 3:L01360046
	Oficina contable: Intervención	Cód. DIR 3:L01360046
	Órgano destinatario do obxecto contrato: Concellería delegada especial na área de xestión de espazos públicos	
Título: “SINALÉCTICA DO CONCELLO DE BUEU (FASE I)”		
CPV: Non conta		CNAE: Non consta
DELIMITACIÓN DO TIPO CONTRACTUAL: Contrato mixto (art. 12 TRLCSP) <i>PRESTACIÓN/PORCENTAXE/VALOR ESTIMADO:</i> <ul style="list-style-type: none">• <i>SUBMINISTRO (sinais/postes)-59,070%-17557,05</i>• <i>OBRA (excavación/formigonado)-40,929%-12164,97 (GG+BI incluído)</i>• <i>Total: 35963,64 euros (IVE incluído)</i>		

III.2. PREZO E FORMA DE PAGO

Valor estimado: 29722,02 €
IVE: 21%
Importe IVE: 6241,62 €
Importe total: 35963,64 €, IVE incluído
APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 151.60900.01 (orzamentos 2015)
FINANCIACIÓN: PLAN URXENTE DE MANTEMENTO DE INFRAESTRUCTURAS MUNICIPAIS (PUSIM 2014) da



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Deputación provincial de Pontevedra Regulación: BOP núm. 44 de 05.03.2014, por mor da resolución presidencial de 14.10.2014 (RE núm. 7481/15 de 20.10.2014) Financiación ao 100% (importe da subvención: 40000)	
FACTURACIÓN ELECTRÓNICA: Presentación de facturas a través do punto xeral de entrada de facturas establecido para o concello de Bueu nos termos previstos no artigo 4º da lei 25/2013.	CÓDIGOS DIR 3: Publicados no BOP núm. 6 de 12.1.2015 e na web municipal

III.3 DURACIÓN

<p>PRAZO DE EXECUCIÓN: Dous (02) meses (APARTADO 2.4 da memoria do proxecto da actuación denominada "SINALÉCTICA DO CONCELLO DE BUEU (FASE I)", de agosto de 2015, subscrito por LAGARES OCA S.L., CIF núm. B36813715 (RE núm. 6666/15 de 04.09.2015)</p> <p>OBRIGA ESPECÍFICA VINCULADA AO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA: En todo caso, a duración do contrato queda determinado polo prazo de xustificación da axuda concedida pola Deputación provincial de Pontevedra de 14.10.2014 (RE núm. 7481/15 de 20.10.2014) ao abeiro das bases reguladoras do PUSIM 2014 (BOP núm. 44 de 05.03.2014) que remata o vindeiro 31.12.2015 no senso sinalado no paragrafo 2º da base decimosexta</p>

III.4 PROCEDEMENTO E TRAMITACIÓN

PROCEDEMENTO: Contrato menor	CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN: Único (Prezo)
REVISIÓN PREZOS: Non	VARIANTES/MELLORAS: non
DOCUMENTACIÓN DA PROPOSICIÓN: Anexo tipo relativo á oferta económica e á aceptación de forma de comunicación/notificacións	
DOCUMENTACIÓN PREVIA Á ADXUDICACIÓN: O licitador que concorra en tempo e forma e cuxa proposición sexa declarada a máis vantaxosa deberá aportar, previo requirimento do órgano de contratación, a documentación acreditativa da capacidade e solvencia nos termos que resultan do TRLCSP e normativa de desenvolvemento	
FORMA PREFERENTE DAS NOTIFICACIÓNS/COMUNICACIÓNS: FAX OU CORREO ELECTRÓNICO sempre que medie aceptación expresa da persoa que concorra.	

III.5. PROPOSICIÓNS

PRESENTACIÓN PROPOSICIÓNS: Poderán presentar proposicións ademais das empresas que sexan invitada, as que concorran dentro do prazo de 08 días naturais posterior ao da publicación do correspondente anuncio de licitación no perfil de contratante da web municipal
LICITACIÓN ELECTRÓNICA (posibilidade de presentación de ofertas por medios electrónicos): Non se admite
TABOLEIRO DE ANUNCIOS ELECTRÓNICO (medio electrónico de comunicación de defectos u omisións subsanables na documentación presentada: SI. A través do Perfil de contratante da web municipal
COMUNICACIÓNS E NOTIFICACIÓNS: Uso preferente de FAX e/ou CORREO ELECTRÓNICO previa autorización do licitador
ACCESO AO EXPEDIENTE: No perfil de contratante do concello de Bueu ao que se accede a través do portal da web municipal (www.concellodebueu.org)
DÚBIDAS E ACLARACIÓNS AOS PCAP/PPT: Formulación mediante correo electrónico dirixido á dirección contratacion@concellodebueu.org / secretaria@concellodebueu.org , cunha antelación mínima de 48 horas ao remate do prazo de presentación de ofertas.
PUBLICIDADE DA RESOLUCIÓN DAS DÚBIDAS E ACLARACIÓNS AOS PCAP/PPT: Anuncio no taboleiro de anuncios do concello (planta baixa da casa consistorial) e no Perfil de contratante da web municipal



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

garantindo o anonimato da persoa física ou xurídica que formula a consulta e notificación individualizada da resolución ao consultante por correo electrónico.

III.6. RESPONSABLE DO CONTRATO

RESPONSABLE DO CONTRATO: Director de obra. Arquitecto municipal.

III.7. OBRIGAS ESPECÍFICAS DA EXECUCIÓN DO CONTRATO

Obrigas específicas:

- As que resulten do TRLCSP e RGCE

- As que resulten do Proxecto de actuación (subministro+obra) denominada "SINALÉCTICA DO CONCELLO DE BUEU (FASE I)", de agosto de 2015, subscrito por LAGARES OCA S.L., CIF núm. B36813715 (RE núm. 6666/15 de 04.09.2015) .

Neste senso, ás obrigas xerais do contratista quedan detalladas no documento 2º do devandito proxecto de obra coa salvedade sinalada con carácter previo ao sinalamento do cadro de características relativa á derogación da LCSP

- As que resulten das ordes que ao efecto emita o responsable do contrato

- As que resulten das bases reguladoras do PUSIM 2014 publicadas no BOP núm. 44 de 05.03.2014 e da resolución DA Presidencia da Deputación provincial de Pontevedra de concesión da subvención de 14.10.2014 (RE núm. 7481/15 de 20.10.2014)

- OBRIGA ESPECÍFICA VINCULADA AO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA: En todo caso, a duración do contrato queda determinado polo prazo de xustificación da axuda concedida pola Deputación provincial de Pontevedra de 14.10.2014 (RE núm. 7481/15 de 20.10.2014) ao abeiro das bases reguladoras do PUSIM 2014 (BOP núm. 44 de 05.03.2014) que remata o vindeiro 31.12.2015 no senso sinalado no parágrafo 2º da base decimosexta

Xúntase ao presente os seguintes Anexos: "Modelo de oferta económica" e "Modelo de aceptación de forma de comunicación/notificacións".

Asemade, xúntase ao presente os documentos acreditativos dos feitos sinalados xunto coa correspondente retención de crédito da Intervención do concello efectuada con data 06.04.2015.

Bueu, 20 de outubro de 2015

O concelleiro delegado especial na área de xestión de espazos públicos

Fidel Castro Quiroga

Vº e prace
O concelleiro delegado xeral da área de urbanismo, patrimonio e vivenda

Martín Villanueva Pastoriza